A CENORIA, O OVO E O CAFÉ

Unha filla queixábase a seu pai acerca da súa vida e cómo as cousas lle resultaban tan difíciles. Non sabía cómo facer para seguir adiante e cría que se daría por vencida. Estaba cansa de loitar. Parecía que cando solucionaba un problema, aparecía outro.

O seu pai, un chef de cociña, levouna ó seu lugar de traballo. Alí encheu tres olas con auga e colocounas sobre lume forte.

Pronto a auga das tres olas estaba fervendo. Nunha colocou as cenorias, noutra colocou ovos e na última colocou grans de café. Deixounas ferver sen dicir palabra.

A filla esperou impacientemente, preguntándose qué estaría facendo o seu pai. Ós vinte minutos, o pai apagou o lume. Sacou as cenorias e colocounas nun tazón. Sacou os ovos e colocounos noutro prato. Finalmente, colou o café e púxoo non terceiro recipiente.

Mirando á súa filla, díxolle: “Querida, qué ves?”

“Cenorias, ovos e café”, foi a resposta.

(E nós qué vemos?, con cál nos identificamos?)

Fíxoa achegarse e pediulle que tocara as cenorias. Ela fíxoo e notou que estaban brandas. Logo pediu que tomara un ovo e o rompera. Logo de sacarlle

a cáscara, observou a dureza. Logo pediulle que probara o café. Ela sorriu mentres disfrutaba do seu rico aroma.

Humildemente a filla preguntou: “Que significa isto, papá?”

El explicoulle que os tres elementos enfrontaron a mesma adversidade: auga fervendo, pero reaccionaran de forma distintas.

A cenoria chegou á auga forte, dura, pero despois de pasar pola auga fervendo volvérase débil, fácil de desafacer.

O ovo chegara á auga fráxil, a súa cáscara fina protexía o seu interior líquido, pero despois de estar na auga fervendo, o seu interior endurecérase.

Os grans de café, sen embargo, eran únicos, despois de estar en auga fervendo, cambiaran a auga.

"¿Cal eres ti?", preguntoulle á súa filla.

Cando a adversidade chama á túa porta, ¿cómo respondes? ¿Eres unha **cenoria** que parece forte pero que cando a adversidade e a dor te tocan, vólveste débil e perdes a túa fortaleza? ¿Eres un **ovo**, que comeza cun corazón maleable? Poesías un espírito fluído, pero despois dunha morte, unha separación ou un despido vólveste dura e ríxida? Por fóra veste igual, pero ¿eres amargado e áspero, cun espírito e un corazón endurecido? Ou eres como un gran de **café**? O café cambia á auga fervendo, o elemento que lle causa dor. Cando a auga chega ó punto de ebulición o café acada o seu mellor sabor. Se eres como o gran de café, cando as cousas se poñen peor ti reaccionas mellor e fas que as cousas ó teu arredor melloren.